

ASUNTO: IMPORTANCIA DA FORMACIÓN PARA O PERSOAL DE CONFRARIAS

Un ano mais a Federación Galega de Confrarías levou a diante unha serie de cursos de formación para persoal de confrarías encadrado dentro das accións do Convenio de colaboración asinado coa consellería do Mar.

Para a Federación Galega un dos activos mais importantes co que contan as nosas 63 confrarías son os equipos de traballadores que diariamente levan adiante as tarefas de xestión das mesmas.

Vos enviamos algúns dos testimonios dos compañeiros que participaron na formación do **curso de atención ao socio e resolución de conflitos** que esperamos lles sirva para mellorar o seu día a día .

Secretario de Laxe (Antonio)... " unha grata experiencia que me enriqueceu como persoa e me permitiu desfrutar dos meus compañeiros.."

Administrativa de Miño (Verónica)... " a gran maioría das cousas dependen de cómo estea o meu vaso..."

Administrativa de Corcubión (Fátima)... " un curso enriquecedor tanto a nivel profesional como persoal. a importancia de valorar o traballo de un mesmo e o estado persoal de cada un é fundamental no noso traballo e no noso día a día.

Secretario de Malpica (Fran)... " unha chave que me ensinou novas ferramentas para construír novos proxectos, aprendín experiencias dos demais co cal espero que sexa unha semente para unir mais ao persoal do sector pesqueiro, o que será mais beneficioso para todos os que formamos parte da gran familia do mar..."

Administrativa de Corcubión (Patricia)... " me gustou moito interactuar cos compañeiros, cambiar experiencias e poder levarnos unhas boas opcións para atender mellor ao socio"

Administrativa de Riveira (Manuela)... " unha experiencia moi agradable, sentín compañerismo con outras confrarías"

Secretario de Lourizán (Carlos)... "aprendendo a baleirar vasos enchemos a nosa actividade de positivismo"

CIRCULAR 129 /2019

Administrativa de Riveira (Eva)..“aprendín a valorar o meu estado emocional”

Secretaria de Riveira (Ana)...“gran experiencia, gran compañerismo entre diferentes confrarías e, sobre todo, aprendín que hai que entender aos socios”

Como presidente da Federación Galega quero agradecer aos participantes a súa implicación e esforzo nesta formación porque amosa o seu interese en mellorar a xestión e a competitividade das confrarías galegas e aos patróns/as maiores facerlles fincapé na importancia de seguir promocionando este tipo de accións.

	FEDERACIÓN GALEGA CONFRARIAS PESCADORES
09/10/2019	
ENTRADA	SAÍDA 517

Ames, 8 de Outubro de 2019

O Presidente,



José Antonio Pérez Sieira